Co propósito de recoñecer e fomentar a creación no ámbito do monólogo e o *stand-up*, a Fundación SGAE convoca os

Premios sgae de humor Miguel Gila 2026

dirixidos a autores e autoras que contribúen ao desenvolvemento deste xénero mediante espectáculos en vivo.

BASES

01 Participantes

Poderán concorrer aos premios todos os socios e socias da SGAE, de calquera nacionalidade, que tivesen en cartel, dentro do territorio español, espectáculos de monólogo de humor ou *stand-up* entre o 1 de novembro de 2025 e o 31 de outubro de 2026. Admitiranse espectáculos en coautoría, mais, nese caso, todos os coautores e coautoras deberán ser socios da SGAE. Quedan excluídos desta convocatoria os membros da Xunta Directiva da SGAE e do Padroádego da Fundación SGAE.

É condición indispensable que debe cumprir calquera socio ou socia que desexe presentarse a estes premios que polo espectáculo con que concorra se liquiden e se paguen os dereitos de autor xerados por el a través da SGAE. **O non-cumprimento deste requisito inhabilita a candidatura do espectáculo en calquera das categorías.**

Estes premios van destinados aos autores e autoras dos espectáculos que se presenten e seranlles entregados aos ditos autores e autoras.

A presentación das candidaturas poderá ser realizada polos propios autores e autoras ou polas produtoras dos espectáculos.

02 Categorías a concurso

Os premios outorgaranse nas seguintes categorías:

- **Mellor espectáculo de monólogo de humor Miguel Gila**. Será concedido ao autor ou autora do espectáculo máis destacado de entre os que se presenten a concurso, para o cal se valorará a súa calidade artística, orixinalidade, conexión co público e o uso do humor como ferramenta crítica ou social. O autor ou autora debe ter experiencia previa recoñecida no ámbito do humor.
- **Mellor espectáculo revelación de monólogo de humor Miguel Gila**. Será concedido ao autor ou autora dun dos espectáculos que conten con talentos emerxentes no humor escénico. O autor ou autora do espectáculo non debe ter realizados máis de tres espectáculos profesionalmente.

03 Premio de Honra Miguel Gila

Outorgarase a un autor ou autora socia da SGAE en recoñecemento á traxectoria profesional e a unha achega destacada ao humor e a cultura. A concesión deste galardón farase a proposta do xurado, que será o que o outorgue.

04 Premios

Os galardóns consisten na entrega dun trofeo por categoría ao **autor ou autora** do espectáculo no marco dun acto público. Estes premios non teñen dotación económica.

05 Xurado

A selección dos espectáculos premiados será realizada por un xurado composto por cinco profesionais de recoñecido prestixio no ámbito do humor, a cultura e as artes escénicas.

O xurado poderá declarar deserta calquera das categorías no caso de que, na súa valoración, ningún dos espectáculos que se presenten ao concurso reúne os estándares de calidade necesarios para merecer o galardón.

06 Inscrición

Os autores e autoras interesados en participar deberán encher o formulario de inscrición dispoñible no sitio web da Fundación SGAE, **www.fundacionsgae.org**, **do 28 de outubro ao 19 de novembro de 2026, ás 23:59h.** Será imprescindible cubrir todos os campos do formulario electrónico e achegar a documentación requirida no prazo establecido.

A presentación de candidaturas tamén poderán facela as produtoras dos espectáculos.

Os gañadores e gañadoras serán convidados a formar parte do xurado na seguinte edición dos premios, sempre que a súa situación persoal e xeográfica o permita.

07 Normas xerais

a) Os participantes, polo feito de concorreren a esta convocatoria, aceptan integramente estas bases, así como as decisións do xurado, e autorizan a Fundación SGAE a difundir información sobre os premios que inclúa datos profesionais e/ou fotografías dos gañadores ou gañadoras.

b) En caso de reclamación ou conflito, tanto os participantes como a organización deberán someterse á xurisdición dos tribunais de Madrid capital, e renuncian a calquera outro foro que puidese corresponderlles.

As persoas interesadas poderán efectuar todo tipo de consultas
ou ampliar a súa información sobre estas bases polos seguintes medios:

artesescenicas@fundacionsgae.org

Tel. (+34) 91 503 68 00/25

www.fundacionsgae.org
www.sgae.es

Delegacións xerais e sedes da SGAE
en España e no estranxeiro
(consultar enderezos en **www.sgae.es**)

fundación sgae